



**Federación
Galega de
Atletismo**



CIRCULAR

Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

CIRCULAR 59-2025.

VII COPA XUNTA DE GALICIA DE CLUBS MÁSTER

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza, o 13 de abril na pista de atletismo de Balaídos (Vigo), a Copa Xunta de Galicia de Clubs .

Art.2).- Poderán intervir os 8 clubs masculinos e femininos con mellor estadillo de marcas a un atleta por proba e coas mesmas condicións provistas no art. 3.

- Presentación a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://atletismorfea.es/user/login-registro> ata as 20:00h do luns 31 de marzo.
- Puntuarase segundo a Táboa 2023 de coeficientes de idade.
- En caso de empate no estadillo, resolverase en favor do club que teña maior puntuación nunha proba individual; de persistir o empate, en favor do que obteña a segunda mellor puntuación e así sucesivamente.
- As probas a presentar no estadillo son as seguintes:

100, 200, 400, 800, 1.500, 3.000 (ou 5.000), valos curtos, valos longos, obstáculos, altura, lonxitude, triplo, pértiga, peso, disco, xavelina, martelo e 3.000 marcha (ou 5.000 marcha)

Serán válidas as marcas realizadas nas tempadas 2024 e 2025, tanto en aire libre como en pista curta, por atletas con licenza en vigor polo club participante ou asociados a este, aínda que teñan estado noutro club no 2024.

Art.3).- Poderán participar atletas Máster pertencentes aos clubs clasificados e aos seus asociados, coas seguintes limitacións:

- Cada atleta poderá participar en dúas probas.
- Número máximo de participacións de clubs asociados por equipo: 5

Por acordo da Comisión de Clubs non se permitirá a participación de ningún Club nin atleta fora de concurso.

Art.4).- Prazo de reclamacións e renuncias.

- Rematará ás 20:00 horas do xoves 3 de abril e serán remitidas a direcciontecnica@atletismo.gal

Aqueles clubs que, non estando entre os equipos provisionalmente clasificados, queiran renunciar á posibilidade de acadar praza na listaxe definitiva, deberán comunicalo neste mesmo prazo.



**Federación
Galega de
Atletismo**



CIRCULAR

Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

Art.5).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://atletismorfea.es/user/login-registro> ata as 20:00 horas do luns 7 de abril.

Cada Club deberá realizar inscrición nun mínimo de 14 probas, non sendo admitidos aqueles que non cubran ditas prazas.

Art.6).- O sistema de puntuación por proba establecerase por postos, aplicando o coeficiente de idade e atendendo ao seguinte sistema:

1º=N; 2º=N-1; 3º=N-2... etc., sendo N o número de clubs participantes.
En caso de empate repartiranse os puntos entre os clubs implicados.

Aqueles atletas ou equipos que non obteñan una marca válida na súa proba ou sexan descalificados non puntuarán.

Aqueles clubs que non acaden 14 participacións, non tomarán parte da clasificación final. En dito caso, non se alterarán as puntuacións obtidas polos restantes clubs.

Proclamarase campión o Club que obteña maior cantidade de puntos.

En caso de empate a puntos na clasificación final, resolverase en favor do club que teña máis primeiros postos; de persistir o empate, en favor do que obteña máis segundos postos e así sucesivamente.

Art.7).- Haberá trofeo para os tres primeiros clasificados, sendo obrigatorio acudir ao protocolo de entrega dos mesmos.

Art.8).- O/a delegado/a oficial de cada Club poderá efectuar un máximo de 5 trocos na composición do seu equipo ata 10 minutos antes do peche de cámara de chamadas. Os cambios efectuados nas probas de remudas sobre a inscrición inicial, non se contabilizarán.

- A posibilidade de realizar trocos na proba de 3.000 obstáculos estará supeditada a que se poidan acoller ás alturas de obstáculos programadas no horario definitivo. O atleta entrante poderá participar cuns obstáculos máis elevados no caso de non estar programada a altura correspondente á súa categoría, pero nunca a unha altura inferior.

Art.9).- En lanzamentos e saltos horizontais os/as atletas disporán de 4 intentos, sen cambio de orde.

Art.10).- Nos saltos verticais non se realizará desempate polo primeiro posto.



Art.11).- Cadencias nos saltos verticais.

Comezarase, dentro da cadencia, na altura máis baixa das solicitadas polos atletas e que permita a instalación:

As cadencias publicaranse unha vez pechado o prazo de inscrición.

Art.12).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

Na proba de marcha deberán levar 2 dorsais (no peito e nas costas).

Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

Art.13).- Cámara de chamadas

Os/as participantes deberán acceder á Cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto, e deberán saír á pista coa camiseta e o dorsal posto.

Peche da cámara de chamadas → 5' antes da saída a pista.

SAÍDA A PISTA	
Minutos antes da hora oficial da proba	
Carreiras e marcha	5'
Valos e remudas	7'
Concursos mixtos	25'
Pértega*	35'
Concursos restantes	20'

*No caso de haber máis de 8 atletas inscritos, a saída a pista realizarase 50' antes da hora oficial da proba.

Art.14).- A presentación de artefactos persoais para a súa homologación abrirá ás 9:00 horas e pechará 50' antes do comezo da súa proba, agás na proba de xavelina, para a que pechará 1h30' antes do seu inicio.

Art.15).- Sorteio de estaxes e orde de actuación.

- Realizarase un sorteio aleatorio en cada unha das probas.

Art.16).- Reunión técnica cos delegados dos clubs na zona de meta ás 9:30.

- Elección de táboas do triplo (ata un máximo de 3)
- Elección de táboas da lonxitude (ata un máximo de 2)
- Outras consideracións a considerar polo Xuíz Árbitro ou os delegados.



Art.17).- Horario (poderá ser modificado en función das inscricións)

COPA DE CLUBS MÁSTER					
HORA	CARREIRAS	S. VERTICAIS	S. HORIZONTAIS	PESO	LANZ. LONGOS
10:00	3000 marcha M e H	Pértega M e H			Martelo M e H
10:35			Lonxitude M e H		
10:40	400v M e H				
10:48	300v M e H				
10:56	100 Mulleres				
11:01	100 Homes				
11:07	800 Mulleres				
11:15	800 Homes				
11:23	200 Mulleres				
11:28	200 Homes				
11:30					Xavelina M e H
11:36	400 Mulleres				
11:42	400 Homes				
11:45		Altura M e H			
11:50	1500 M e H		Triplo M e H		
12:05	80v Mulleres				
12:13	100v Homes				
12:20	110v Homes				
12:30	3000 M e H				
12:40				Peso M e H	
12:50	2000 Obst. M e H				
13:00					Disco M e H
13:03	3000 Obst. Homes				
13:20	4x100 Mulleres				
13:28	4x100 Homes				
13:38	4x400 Mulleres				
13:50	4x400 Homes				

***No caso de precisar valos de 0,68, o club interesado deberá comunicalo ó correo direcciontecnica@atletismo.gal antes das 20:00 horas do luns 7 de abril.**



**Federación
Galega de
Atletismo**



CIRCULAR

Prazo Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

Art.18).- Establécense as seguintes recargas e penalizacións:

- Inscripcións fora de prazo: 25 € por equipo. Deberán ser enviadas a direcciontecnica@atletismo.gal para a súa valoración.
- Aqueles clubs que, logo do prazo de reclamacións e renuncias, comuniquen a súa baixa ou non participen da competición, terán unha penalización de 50€ por equipo, salvo causa xustificada e acreditada por escrito á FGA a través do correo competicion@atletismo.gal antes de superadas as 48 horas dende o inicio da competición.

Art.19).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo ás normas da FGA, RFEA e World Athletics.

A Coruña, a 13 de marzo de 2025

Yolanda González Fernández
Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo